

31 de MAIO - DÍA MUNDIAL SEN TABACO

O 31 de maio de cada ano, a Organización Mundial da Saúde (OMS) celebra o día Mundial sen Tabaco, co obxectivo de resaltar os riscos asociados ao tabaquismo, tanto para a saúde, como noutros ámbitos e avogar por políticas eficaces para reducir o seu consumo, sobre todo entre a xente máis nova.

Nesta liña, a OMS centra o **Día Mundial Sen Tabaco** deste ano 2022 na protección do medio ambiente, utilizando como lema:

“ENVENENA O NOSO PLANETA#TABACCO EXPOSED”

Con esta campaña preténdese denunciar os efectos nocivos do tabaco e a súa industria sobre o medio ambiente. O principal obxectivo da mesma é sensibilizar á sociedade sobre o impacto ambiental e a ameaza que supón o tabaco, dende o seu cultivo e produción ata a súa distribución, sen esquecer os residuos que xera; dando así, ás persoas consumidoras, un motivo máis para deixar o seu consumo.

Ademais do grave impacto negativo do tabaco sobre a saúde da poboación, en especial das persoas consumidoras, a industria do tabaco contribúe ao cambio climático e reduce a resiliencia da natureza ante este cambio, desperdiciando recursos e danando os ecosistemas.

Seguindo as indicacións da OMS, dende o **Proxecto de prevención das condutas adictivas de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas**, quérese previr o consumo de tabaco na xuventude e promover o seu abandono entre todas as persoas fumadoras, poñendo á súa disposición materiais para facilitar o seu abandono e asesoramento psicolóxico gratuito; ademais de recordar que, dende xaneiro de 2020, as persoas fumadoras dispoñen de varios tratamentos farmacolóxicos gratuítos para facilitar o abandono do seu consumo (consulta persoal atención primaria).

Asesoramento Psicolóxico para deixar de fumar:

986595922 / prevenciondrogodependencias@concellodecuntis.es

Finalmente, apélase á responsabilidade da poboación en xeral e, particularmente dos estancos e hostalería; recordando que está prohibida a venda, subministro e distribución de tabaco a menores de 18 anos (*Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, do subministro, do consumo e da publicidade dos produtos do tabaco*).